

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE SETEMBRO DE 2016

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e seis de xullo de dous mil dezaseis, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria debidamente convocada para dito día ás vinte horas e trinta minutos, dando comezo ás vinte horas e trinta e catro minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D. Emilio José Sánchez Iglesias, D. Víctor López Mateo.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventora acetal: Dna. María I. Buján Arias.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e informa da entrega que se fai aos corporativos e funcionarios asistentes do programa do curso "*Literatura e mecenado no século XVII: Cervantes, Don Quijote e o Conde de Lemos*", que terá lugar no parador de Monforte do 28 ao 30 de setembro actual, e dunha invitación aos actos que o Concello en colaboración coa Real Academia Galega fará o sábado 1 de outubro próximo na honra de Manuel María. Tamén felicita ao PP como gañador das eleccións galegas.

A continuación, dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTAS ANTERIORES, CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIA DO 26 DE XULLO E EXTRAORDINARIA DO 29 DE AGOSTO DE 2016.

Non hai ningunha observación respecto aos borradores remitidos coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar as Actas das sesións da Corporación municipal do 26 de xullo –ordinaria- e do 29 de agosto –extraordinaria- de 2016.

PARTE RESOLUTIVA

2. CONTA XERAL DE 2015. CONCELLO E INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que este axunto xa foi informado pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas, con carácter previo á súa exposición pública, acordándose en consecuencia o seguinte:

“Formada por Intervención a Conta Xeral do Concello de Monforte de Lemos correspondente ao exercicio de 2015, comprensiva da Conta da propia Entidade e da do seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, foi informada en sentido favorable pola Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o 29 de agosto de 2015; seguíronse os trámites do art. 212.3 da Lei Reguladora das Facendas Locais: exposición pública por prazo de 15 días, a efectos de reclamacións, reparos ou observacións en dito prazo e 8 días máis. Así foi recollido no anuncio publicado no B.O.P. nº 199 do 30 de agosto de 2015, non se producindo reclamacións, reparos ou observacións, que houbese que someter novamente á Comisión Especial de Contas.

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Monforte de Lemos correspondente ao exercicio de 2015, comprensiva da Conta da propia Entidade e da do seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, coas seguintes magnitudes e cifras a fin de exercicio:

CONCELLO.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 57.565.518,67 €.
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 1.947.433,73 €.
- Resultado orzamentario: 1.108.576,43 € (Dereitos recoñecidos netos /13.445.640,34 €/ menos Obrigas recoñecidas netas /12.337.063,91 €).
- Resultado orzamentario axustado (axustes por gastos financiados con remanente de tesourería e polas desviacións de financiamento): 1.886.483,51 €.
- Remanente de tesourería total: 7.482.205,59 €.
- Remanente de tesourería para gastos xerais (minorado o anterior cos saldos de dubidoso cobro e o exceso de financiamento afectado): 5.040.619,96 €.

INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 63.868,87 €.
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 3.852,50 €.
- Resultado orzamentario: 3.852,50 € (Dereitos recoñecidos netos /256.070,30 €/ menos Obrigas recoñecidas netas /252.217,80 €). Non hai axustes.
- Remanente de tesourería total: 25.700,77 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais (minorado o anterior cos saldos de dubidoso cobro): 25.515,58 €.

SEGUNDO.- Remitir en prazo e forma debidos a Conta Xeral de 2014 ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

3. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Vista a documentación para o efecto, o Pleno do Concello, por dezaseis votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e do PP) e un voto en contra (Grupo de Esperta Monforte), acadando a maioría absoluta do número legal de membros, requirida no art. 47.2.g) da Lei 7/1985, adopta o seguinte

ACORDO

Aprobar os Estatutos do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra segundo resultan da conxunción da modificación dos mesmos aprobada polo Pleno do Consorcio o 31/03/2016 e do informe emitido sobre dita modificación pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o 12 de maio de 2016. Isto é o que se modifica:

TITULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Art. 1º.- Composición e denominación do Consorcio.

1. Os municipios de Portomarín, Taboada, Chantada, Carballedo, O Saviñao , Pantón, Sober, Monforte de Lemos, A Proba do Brollón, Ribas de Sil, Quiroga, Paradela e Bóveda, todos eles da provincia dá Lugo, e os municipios da Peroxa, Nogueira de Ramuín, Parada do Sil, A Teixeira, Castro Caldelas, Montederramo, Xunqueira de Espadañedo e Esgos, todos eles da provincia de Ourense, a Asociación Profesional Ribeira Sacra Rural e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, constitúen un consorcio local, sen prexuízo de que no futuro se poidan incorporar outras Administracións públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro conforme ás previsións estatutarias, de conformidade co establecido na lei 40/2015 do réximen xurídico do sector público, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local; o R.D. lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; artigo 7 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

2. Recibe a denominación de “CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA”.

3. Este Consorcio adscríbese ao Concello de Monforte de Lemos, de conformidade co previsto na Disposición Adicional vixésima da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, de acordo con disposición final segunda da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

4. Os estatutos determinan as particularidades do seu réxime orgánico, funcional e financeiro.

Art. 3º.- Sedes e domicilios.

1. Mentres non se dispoña de locais propios, o domicilio e a sede fiscal do consorcio estarán no Municipio de Monforte de Lemos por estar considerado capital de Ribeira Sacra, pola súa localización xeográfica nun lugar estratéxico da zona e polo tamaño dese concello con respecto ao resto dos que forman parte. Este Municipio albergará un centro de almacenaxe de materiais de imprenta, publicacións, merchandising oficial e calquera outro elemento de pequeno tamaño a custodiar polo consorcio.
2. A sede de Presidencia estará no municipio do alcalde/concelleiro do que exerza a presidencia, ou en calquera outro que acorde o pleno.
3. No entanto, o pleno, ou calquera outro órgano complementario, poderá realizar as súas sesións en calquera das sedes das entidades consorciadas ou das instalacións conformes aos servizos que preste.
4. O pleno poderá modificar o domicilio e o resto de dependencias, os cales se lles notificarán a todos os entes consorciados, facéndose público no BOP, no Diario Oficial de Galicia, e nunha publicación de gran difusión, e comunicaráselle á Administración Estatal e Autonómica.
5. Os servizos especializados de Secretaría, Intervención, Xerencia e Administración do consorcio, estarán na sede deste, independentemente de que se exerzan en itinerancia en calquera outro concello integrante do Consorcio, a efectos de funcionalidad deste.

Art. 7º.- Quórum de acordos.

Os acordos do Consello Reitor adoptaranse por maioría simple dos membros presentes e, procederase en caso de empate, na forma prevista na normativa de réxime local. Cando, en virtude de disposicións legais ou destes estatutos, se esixa quórum especial de maioría absoluta do número legal de votos asignados aos membros do pleno e do número de representantes das entidades consorciadas, na adopción de acordos por devandito órgano, entenderase que existe aquela cando os votos favorables sumen máis da metade do total de votos asignados ao pleno, así como o voto favorable da metade máis un do número de representantes das entidades consorciadas.

TITULO I

Réxime orgánico.

CAPÍTULO I

Da organización

Art. 9º.- O Consello Reitor. Composición.

1. O Consello Reitor, supremo órgano de goberno do consorcio, o que personifica e representa con carácter de corporación de dereito público, está integrado polos alcaldes dos municipios consorciados ou membros da corporación en quen deleguen, e os directivos dos Consellos e Asociacións que se integren no consorcio.
2. Asistirán ás reunións do pleno, con voz pero sen voto, a persoa funcionara que se reassignara de calquera das administracións consorciadas. Tamén asistirá a xerente do Consorcio.

3. A cada entidade consorciada corresponderalle o mesmo número de votos que o número legal de membros da súa corporación ou en caso diferente ao dun concello, o acordado polo Consello Reitor.

Na súa aplicación, cada un dos membros consorciados disporá do seguinte número de votos no pleno e no Consello Reitor:

MUNICIPIO	HABITANTES	CONCELLEIROS	PORCENTAXE
LUGO			
A Pobra do Brollón	1.830	9	3,930131004
Bóveda	1.571	9	3,930131004
Carballedo	2.401	11	4,80349345
Chantada	8.553	13	5,676855895
Monforte de Lemos	19.201	17	7,423580786
O Saviñao	4.113	11	4,80349345
Pantón	2.708	11	4,80349345
Paradela	1.967	9	3,930131004
Portomarin	1.624	9	3,930131004
Quiroga	3.501	11	4,80349345
Ribas de Sil	1.011	9	3,930131004
Sober	2.453	11	4,80349345
Taboada	3.101	11	4,80349345
	TOTAL	141	
OURENSE			
A Peroxa	1.999	9	3,930131004
A Teixeira	391	7	3,056768559
Castro Caldelas	1.376	9	3,930131004
Esgos	1.216	9	3,930131004
Montederramo	822	7	3,056768559
Nogueira de Ramuín	2.198	11	4,80349345
Parada de Sil	634	7	3,056768559
Xunqueira de Espadañedo	863	7	3,056768559
	TOTAL	66	
Consello Regulador dá Denominación de Orixe Ribeira Sacra		11	4,80349345
Asociación RS Rural		11	4,80349345
TOTAL	63.533	229	100

4. Os votos correspondentes ás entidades consorciadas serán actualizados cada vez que varíe o número de membros das corporacións locais.

5. As actualizacións previstas no número anterior non terán a consideración de modificacións estatutarias, e, por tanto, non se requirirá seguir o procedemento previsto nestes Estatutos para a súa modificación, senón simplemente a acreditación baixo a fórmula de certificación do funcionario que corresponda e, da Administración competente.

Art. 10º.- Duración do mandato.

O mandato de cada representante municipal no consorcio finalizará cando deixe de ser membro da corporación que representa, ou ben, cando o Pleno do ente local que lle outorgou a representación proceda a designar outro representante e sexa así notificado ao Consorcio, por parte dese ente local. No entanto, ao finalizar o mandato de catro anos ao que se refire a Lei do réxime local, o representante cesante continuará nas súas funcións soamente para a administración ordinaria até a toma de posesión do seu sucesor. No caso de extinguirse o Consorcio, extinguirase tamén o mandato.

Art. 12º.- Competencias do Presidente e do Vicepresidente.

1. O presidente do Consello Reitor, que será tamén o do consorcio posúe, en todo caso, as seguintes atribucións:

- a) Dirixir o goberno e a administración, velando polo cumprimento dos estatutos.
- b) A representación legal e a firma de cantos documentos públicos ou privados sexan necesarios ou útiles para o cumprimento dos seus fins.
- c) Convocar e presidir as sesións do pleno, excepto os supostos previstos na lexislación do réxime local, e de calquera outro órgano do consorcio, e decidir os empates con voto de calidade.
- d) Dirixir, inspeccionar e impulsar as obras, servizos e actividades, xestionando con entidades públicas e privadas a resolución dos problemas que o afecten, ordenando os informes, estudos e consultas pertinentes.
- e) Ditar bandos.
- f) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispor gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das recollidas no artigo 177 do texto refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais; ordenar pagamentos e render contas; todo isto de conformidade co disposto no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- g) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobado polo pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- h) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal e acordar o seu nomeamento e sancións, incluída a separación do servizo do persoal do consorcio e o despedimento do persoal laboral, dando conta ao pleno, nestes dous últimos casos, na primeira sesión que realice. Esta atribución entenderase sen prexuízo do disposto nos artigos 99.1º e 3º da Lei reguladora das bases de réxime local.
- i) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do consorcio nas materias da súa competencia, mesmo cando as tivese delegado noutro órgano, e, en caso

de urxencia, en materias da competencia do pleno, neste suposto dándolle conta a leste na primeira sesión que realice para a súa ratificación.

j) A iniciativa de proporlle ao pleno a declaración de lesividade en materias da súa competencia.

k) Adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos e grave risco destes, as medidas necesarias e adecuadas, dándolle conta inmediata ao pleno.

l) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os 60.000 de euros; incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

m) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

n) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin os 3.000.000 de euros, así como o alleamento do patrimonio, para bens inmoables e mobles, sempre que estea previsto no orzamento.

ñ) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do consorcio.

o) As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asígnenlles aos consorcios, e non atribúanlles a outros órganos de leste.

p) A organización e o control dos servizos administrativos e técnicos do consorcio, así como dirixir, impulsar e inspeccionar todas as obras, servizos e actividades de leste.

q) Presentarlle ao pleno os estudos, proxectos e iniciativas de interese para o consorcio, o plan de xestión dos servizos e actividades, así como o estudo, preparación e ditame dos asuntos dos que, por razón da materia, a súa resolución lle incumba ao pleno.

r) O desempeño das tarefas ordinarias do consorcio, así como a aprobación dos actos necesarios para o seu funcionamento.

s) Coordinar as tarefas do consorcio cos servizos municipais directa ou indirectamente relacionados coa competencia consorcial.

t) As funcións que para o desenvolvemento dos servizos deleguelle o pleno.

u) Calquera outra función non atribuída aos demais órganos de goberno e administración do consorcio.

2. En caso de ausencia, enfermidade, incapacidade ou vacante do presidente, serán exercidas as súas funcións polo vicepresidente.

3. O presidente pode delegar no vicepresidente ou no pleno o exercicio das súas atribucións, excepto as de convocar e presidir as sesións do pleno, decidir os empates co voto de calidade, a concertación das operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo de leste e o despedimento do persoal laboral, e as enunciadas nas letras a), e), i), j), k) e t) do número 1 deste artigo.

4. O presidente poderá, así mesmo, conferir as delegacións especiais para encargos específicos, a favor de calquera membro do consorcio. O acordo de delegación determinará os asuntos que esta comprenda, as potestades que se delegan e as condicións concretas do seu exercicio.

O vicepresidente ten como competencia substituír ao Presidente en todas os seus funcións, en caso de ausencia, enfermidade ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas atribucións, nos termos previstos na lexislación de aplicación.

CAPÍTULO II

Do persoal.

Art. 15º.- Secretario/a-interventor/a e Tesoureiro/a.

As funcións de secretario-interventor/a e do tesoureiro/a de o consorcio serán exercidas polos funcionarios nomeados dunha reasignación de efectivos, de entre as Administracións consorciadas.

A tesouraría do consorcio rexerese polo disposto na modificación pola Disposición Transitoria 7ª da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, operada pola Disposición final 2ª da Lei 18/2015, de 9 de xullo. Neste caso, solicitarase colaboración ás Deputacións Provinciais de Lugo e Ourense para que dentro do seu persoal poidan nomear tesoureiros.

Art. 16º.- Xerencia.

1. A proposta da presidencia, o pleno decidirá si o/a xerente será unha persoa física sometida ao réxime laboral ou unha persoa xurídica sometida aos principios da contratación administrativa. Devandito posto de traballo, sometido á lexislación laboral ou persoa xurídica, sometida aos principios da contratación administrativa do Sector Público, terá que ser desempeñado pola persoa con formación e titulación apropiada que a capacite para realizar as funcións propias do posto. Obterá este cargo con sujeción aos principios de capacidade, méritos, publicidade e igualdade, e tamén aos principios da Contratación Pública de tratarse de persoa xurídica.

2. Non obstante, o que se refira á contratación de persoal en réxime laboral, funcionario ou directivo, realizarase conforme dispón a DA vixésima da Lei 30/92, de 26 de novembro, na redacción dada pola DF 2ª da Lei orgánica 6/2015, de 12 de xunio de modificación da Lei orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de financiación das comunidades autónomas e a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Fianciera o persoal ó servizo das Consorcios terá que proceder exclusivamente das Administracións participantes. Só excepcionalmente, cando resulte imposible contar con persoal procedente desas Administracións, pola singularidade das función a realizar, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ou o órgano competente da Administración de adscrición, poderá autorizar a contratación directa de persoal por parte do consorcio para o exercicio desas función.

3. Son funcións do xerente:

- a) Velar e facer cumprir os acordos e resolucións dos órganos de goberno do consorcio.
- b) Dirixir e coordinar a actuación do consorcio, de conformidade cos regulamentos aprobados e as directrices dos órganos de goberno.
- c) Vixiar, fiscalizar, supervisar, impulsar, e inspeccionar as obras, o funcionamento dos servizos, actividades, dependencias e persoal ao seu cargo.
- d) Asistir con voz e sen voto, cando sexa requirido para iso, ás sesións do pleno e demais órganos de goberno.
- e) Elaborar e propor proxectos, plans de actuación de xestión dos servizos e actividades e programas de necesidades do consorcio.
- f) Asistencia técnica ao presidente e órganos de goberno.

- g) Informar os asuntos que deban tratarse nas sesións dos órganos de goberno, sen prexuízo das funcións asesoras que correspondan á secretaría e intervención do consorcio.
- h) Elaborar o anteproxecto do orzamento, e a programación plurianual, así como a memoria anual de rendición de contas.
- i) Supervisar a xestión económica e administrativa do consorcio, axustándose ás normas que esixe á súa natureza pública.
- j) Promover os expedientes de contratación de toda clase, de obras, servizos, e subministración.
- k) Formular as propostas de gastos correntes, así como de contribucións económicas das entidades consorciadas.
- l) Elevar anualmente ao pleno unha memoria das actividades do consorcio.
- ll) Propor as medidas e reformas que considere convenientes para o mellor cumprimento do obxecto e fins do consorcio.
- m) Manter un contacto permanente cos responsables executivos e técnicos das institucións e entidades integrantes do consorcio, co fin de garantir a máxima coordinación funcional.
- n) As demais que lle sexan encomendadas polos órganos de goberno.

Art. 17º.- Persoal laboral e eventual.

O resto do persoal que precise o consorcio só poderá ser dunha reasignación de efectivos das Administracións que integran o Consorcio.

TITULO III

Réxime económico, financeiro e contable.

Art. 26º.- Contribucións económicas ordinarias.

1. As contribucións económicas ordinarias anuais de cada entidade consorciada calcularanse en función da poboación de cada municipio resultante do último padrón aprobado o 31 de decembro, segundo datos oficiais proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística.

2. Para o ano 2016, as porcentaxes provisionais de contribución, correspóndense cos datos facilitados polo INE, referidos á poboación de cada unou dos municipios a 01-01-2015.

MUNICIPIO	HABITANTES (01/01/2015)	PORCENTAXE
A Pobra do Brollón	1.830	3,930131004
Bóveda	1.571	3,930131004
Carballedo	2.401	4,80349345
Chantada	8.553	5,676855895
Monforte de Lemos	19.201	7,423580786
O Saviñao	4.113	4,80349345
Pantón	2.708	4,80349345

SECRETARIA

Paradela	1.967	3,930131004
Portomarin	1.624	3,930131004
Quiroga	3.501	4,80349345
Ribas de Sil	1.011	3,930131004
Sober	2.453	4,80349345
Taboada	3.101	4,80349345
A Peroxa	1.999	3,930131004
A Teixeira	391	3,056768559
Castro Caldelas	1.376	3,930131004
Esgos	1.216	3,930131004
Montederramo	822	3,056768559
Nogueira de Ramuín	2.198	4,80349345
Parada de Sil	634	3,056768559
Xunqueira de Espadañedo	863	3,056768559
Consello Regulador dá Denominación de Orixe Ribeira Sacra	--	4,80349345
Asociación RS Rural	--	4,80349345
TOTAL	63.533	100

3. Para a determinación das porcentaxes e contribucións do ano 2016, e dos sucesivos, procederase ao seu cálculo en función da poboación de cada municipio, na forma prevista nos epígrafes anteriores, o que será aprobado polo pleno.

Art. 28º.- Aprobación do orzamento.

O consorcio estará suxeito ao réxime orzamentario da Administración local á que estea adscrito, sen prexuízo do seu sujeción ao disposto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade orzamentaria.

En todo caso, realizarase unha auditoría das contas anuais que será responsabilidade do órgano de control da Administración á que se adscriba.

O Consorcio formará parte dos orzamentos e incluírase na Conta Xeral da Administración pública adscrita.

Art. 31º.- Xestión orzamentaria.

Será igualmente aplicable o disposto polo Texto refundido da Lei de Facendas Locais, en materia de créditos e as súas modificacións, xestión e liquidación do orzamento, coas peculiaridades propias do consorcio e coa adscrición á Administración competente, da que formará parte íntegra nos seus orzamentos.

Art. 33º.- Contabilidade.

O consorcio estará suxeito ao réxime de contabilidade e control das Administracións Públicas, que determina a Lei e á que estea adscrito.

Art. 34º.- Rendición de contas.

O consorcio, coas peculiaridades derivadas da súa finalidade e estrutura orgánica, elaborará e renderá as contas anuais á Administración adscrita.

Art. 35º.- Fiscalización.

A xestión económica do consorcio será obxecto das fiscalizacións interna e externa da propia Administración á que se adscribe e das reguladas polo Texto refundido da Lei de Facendas Locais.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que como xa dixo na Comisión informativa está a acta do Consorcio do 31 de marzo de 2016, a necesidade de adaptación no ano 2014 á lei, os informes varios habidos, a abstención do Alcalde no acordo inicial do Consorcio. O Alcalde non defendeu os intereses deste Concello. A Lei 30/1992 foi modificada para incorporar o seguinte: “1. Los estatutos de cada consorcio determinarán la Administración pública a la que estará adscrito, así como su régimen orgánico, funcional y financiero de acuerdo con lo previsto en los siguientes apartados.- 2. De acuerdo con los siguientes criterios de prioridad, referidos a la situación en el primer día del ejercicio presupuestario, el consorcio quedará adscrito, en cada ejercicio presupuestario y por todo este periodo, a la Administración pública que: a) Disponga de la mayoría de votos en los órganos de gobierno.- b) Tenga facultades para nombrar o destituir a la mayoría de los miembros de los órganos ejecutivos.- c) Tenga facultades para nombrar o destituir a la mayoría de los miembros del personal directivo.- d) Disponga de un mayor control sobre la actividad del consorcio debido a una normativa especial.- e) Tenga facultades para nombrar o destituir a la mayoría de los miembros del órgano de gobierno.- f) Financie en más de un cincuenta por cien o, en su defecto, en mayor medida la actividad desarrollada por el consorcio, teniendo en cuenta tanto la aportación del fondo patrimonial como la financiación concedida cada año.- g) Ostente el mayor porcentaje de participación en el fondo patrimonial.- h) Tenga mayor número de habitantes o extensión territorial dependiendo de si los fines definidos en el estatuto están orientados a la prestación de servicios, a las personas, o al desarrollo de actuaciones sobre el territorio.” Non se cumpren con Monforte os apartados a), b), c), d) e e). Di tamén a norma citada que “los consorcios estarán sujetos al régimen de presupuestación, contabilidad y control de la Administración pública a la que estén adscritos, sin perjuicio de su sujeción a lo previsto en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera. En todo caso, se llevará a cabo una auditoría de las cuentas anuales que será responsabilidad del órgano de control de la Administración a la que se haya adscrito el consorcio. Los consorcios deberán formar parte de los presupuestos e incluirse en la cuenta general de la Administración pública de adscripción”. A Conta Xeral formará parte da de Monforte, non tendo o Concello capacidade para influir no que faga o Consorcio. Le o

último parágrafo do artigo 15 da modificación que se aproba. O informe da Xunta di que a xerencia ten que ser unha persoa física. Neste Concello ao que se adscribe o Consorcio, a Interventora terá un incremento de traballo. Non sabemos se hai acordo PSOE-PP para o que se aproba. Que se retire da orde do día. Se non, o voto será en contra. Usásenos para pagar máis, pero sen un maior beneficio. O Presidente segue sendo o Alcalde de Sober e a tramitación administrativa facéndose en Nogueira de Ramuín. Non se defenden os intereses de Monforte.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que foron tratadas estas cuestión na Comisión informativa. Non sei a que se refire cos acordos PP-PSOE. Estableceuse un criterio de contribucións económicas e isto é para cumprir coa lei sobre adscrición do Consorcio, que terá unha Intervención propia e ao mesmo tempo incorporará as contas ao Concello de Monforte. Non comparto a mensaxe de Esperta Monforte sobre que se prexudica a este Concello, máis alá da contribución orzamentaria con criterios obxectivos.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di lle dá parabéns ao PP, como o Alcalde ao inicio, polos resultados electorais. As cousas que comenta Dna. Maribel García, creo que foron aclaradas na Comisión. Non sei se poderían tomar a palabra o Secretario ou a Interventora para maior claridade. Descoñezo como é o que se di; se houbo algún risco, terían advertido ditos funcionarios. Certo que o Presidente podía ser o Alcalde de Monforte, pero non vemos maiores problemas. Imos apoiar a modificación estatutaria.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que os informes son favorables, os das dúas Deputacións e o da Xunta, este deu lugar a un refundido do texto. A adscrición, por lei, é ao Concello maior. Pagamos igual con adscrición que sen ela. Formalmente, estará aquí a sede. Sempre se aprobou a Conta Xeral, é un documento contable; e se hai algo, o Consello de Contas dirao. Non hai pacto entre partidos, pódeme crer. Estamos na aprobación dos Estatutos.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que lle gustaría que o Secretario e a Interventora digan se se cumpre a lei. O Concello maior, Monforte, ten a capitalidade, pero ningún outro beneficio. Tamén a presidencia e a secretaría deberían estar en Monforte.

Do Sr. Alcalde, que di que xa informaron na Comisión os funcionarios.

4. ADDENDA AO CONVENIO DA XUNTA E DA FEGAMP EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“O Pleno municipal, en sesión celebrada o 25/04/2016, acordou adherirse -segundo o modelo de documento de adhesión que figura en anexo ao Convenio- ao Convenio

marco de colaboración asinado o día 30 de marzo de 2016, entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade desta entidade local do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do presente convenio, para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE).

Dito Convenio foi modificado nunha Addenda asinada polas partes o 06/09/2016.

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Manter a adhesión acordada polo Pleno do Concello o 25/04/2016, incorporando ao convenio as modificacións da addenda asinada o 6 de setembro de 2016.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

5. RESOLUCIÓN POR MUTUO ACORDO DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DO 50% DA ILLA DE VILANOVA, SITA NO RÍO CABE.

Este asunto queda sobre a mesa, para o seguinte Pleno, por deferencia coa parte que doou o outro 50%.

6. RECLAMACIÓN DA EMPRESA ESCOR DIMANANTES DO CONTRATO QUE REXEU A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE R.S.U. E LIMPEZA VIARIA NOS ANOS 1998 A 2010.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

Visto o informe de Secretaría e os documentos a el unidos (o informe di o seguinte:

“PRIMEIRO.- Tramitación.

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o 29 de setembro de 2014, acordou *“DESESTIMAR, polas razóns que figuran no informe de Secretaría, AS RECLAMACIÓNS FORMULADAS POLA EMPRESA ESCOR DIMANANTES DO CONTRATO QUE REXEU A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE R.S.U. E LIMPEZA VIARIA NOS ANOS 1998 A 2010, agás a da devolución do aval por canto xa foi acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de agosto de 2014.”*

Contra dito acordo, presentouse pola empresa ESCOR recurso contencioso-administrativo, que deu lugar ao procedemento ordinario 380/2014, que se seguiu ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo.

En dito procedemento, por sentenza nº 126/2016, do 31 de maio, recibida neste Concello xunto co expediente administrativo o 15 de xullo de 2016 (se ben a empresa xa solicitara a súa execución en escrito do 05/07/2016, con rexistro de entrada no Concello do día 8), decidiuse o seguinte: *“Estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el procurador Manuel Faustino Mourelo Caldas en nombre y representación de “Estévez Container Orensanos, S.L.U.” frente al Concello de Monforte de Lemos, y su resolución adoptada el 19 de septiembre, en acuerdo plenario del Concello de Monforte de Lemos, y la declaro disconforme a Derecho, la anulo y revoco, con retroacción del procedimiento administrativo al instante inmediatamente posterior a la presentación de la reclamación administrativa por “Estévez Container Orensanos, S.L.U.” el 3 de septiembre del 2014, para que se continúe y concluya conforme a Derecho, con otorgamiento de audiencia al contratista, y con imposición de las costas procesales y sujeción al límite antes expuesto de la demandada”.*

No acuse de recibo da sentenza e do expediente, o Concello comunicoulle ao Xulgado que “o órgano responsable de cumprir coa conclusión do expediente é o Pleno municipal, que tomou o acordo que se anula na sentenza, e da audiencia en retroacción do expediente que ordena o fallo xudicial e demais trámites ata o acordo de conclusión do expediente son órganos responsables a Alcaldía e a Xunta de Goberno Local.” En consecuencia, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: *“Retrotraer o procedimiento administrativo ao instante inmediatamente posterior á presentación pola empresa ESCOR do seu escrito de reclamacións do 3 de setembro de 2014 (registro de entrada número 2014/000077476, de dita data), e outorgarlle a dita empresa o prazo de audiencia, ao que se refire no apartado sétimo dos fundamentos de dereito do seu escrito, por un período de quince días hábiles dende a recepción da notificación do presente acordo.”*

A audiencia foi notificada o 8 de agosto de 2016, segundo a data que figura no acuse de recibo do correo certificado, polo que rematou o 26 de agosto. Con data do día 24 de agosto foi selado en Correos o escrito da empresa do día 23 (o rexistro de entrada no Concello e o número 2016/00010579, do día 25), cunhas determinadas alegacións ao fondo que se debate neste expediente e algunha cuestión adicional.

SEGUNDO.- Análise do escrito que presenta a empresa.

Comezando por algunha cuestión adicional, estas están no Outrosí digo primeiro e no Outrosí digo segundo do escrito da empresa, referidos respectivamente ás custas do proceso e unha reclamación de responsabilidade patrimonial instada pola empresa. Ambas cousas son alleas ao que se retrotrae para cumprir a sentenza nº 126/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo. A primeira, aínda que figura tamén nesa sentenza, terá a execución correspondente á marxe do procedemento administrativo que se retrotrae, e a segunda deu lugar ao expediente de responsabilidade patrimonial que xa tivo resolución –a inadmisión a trámite é unha forma de resolver– por acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de agosto de 2016 (é certo que non foi debidamente notificado, polo que se vai proceder de xeito inmediato a facer o trámite).

Respecto ás alegacións que si se poden considerar relacionadas co procedemento administrativo que se retrotrae, estas hai que poñelas en relación co que se solicitaba pola empresa no seu escrito do 3 de setembro de 2014, pois se hai que retrotraer as

actuacións, será para contestar a dito escrito e non ao actual, que ten a característica de engadir o que a empresa estime conveniente en prazo de audiencia respecto a aquelas reclamacións do 3 de setembro de 2014.

O que se engade é fundamentalmente a non conformidade co resolto polo Concello en setembro de 2014, e agora anulado pola sentenza nº 126/2016. O que alega a empresa tanto en dereito como de feito entende quen subscribe que non obsta a manter o criterio xa expresado no seu informe do 19 de setembro de 2014, que se une a este informe como documento nº 1, agás no que se refire á improcedencia do trámite de audiencia que se demostrou procedente por decisión xudicial. Tamén con esta última excepción, cabe alegar o exposto pola representación procesal do Concello na contestación á demanda da empresa –únese como documento nº 2-, xa que dalgunha maneira a empresa aproveita o trámite de audiencia para traer ao ámbito administrativo o que formulou como demanda no contencioso-administrativo que decidiu que se retrotraesen as actuacións.”),

O Pleno municipal, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte) e cinco abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

DESESTIMAR, polas razóns que figuran no informe de Secretaría do 16/09/2016, e especialmente as dos documentos a el unidos, AS RECLAMACIÓNS FORMULADAS POLA EMPRESA ESCOR DIMANANTES DO CONTRATO QUE REXEU A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE R.S.U. E LIMPEZA VIARIA NOS ANOS 1998 A 2010, agás a da devolución do aval por canto xa foi acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de agosto de 2014.”

Neste asunto houbo a seguinte intervención:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que agradece os parabéns recibidos tralo resultado electoral. Di que a abstención do seu Grupo é en coherencia co acordo adoptado no seu día, que agora se retrotrae, para manter o mesmo sentido do voto.

7. DECLARACIÓN DE QUE LLE CORRESPONDE Á EMPRESA AQUALIA ASUMIR O CUSTO DA RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR FILTRACIÓN DE AUGA NO LUGAR DAS BODEGAS-PIÑEIRA.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión do 19 de setembro de 2016, acordou o seguinte:

“A) RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE DNA. MODESTA LÓPEZ NOVELLES POR FILTRACIÓN DE AUGA EN AS BODEGAS, 11, A PIÑEIRA, E QUE PASE AO PLENO, COMO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, PARA DECLARAR QUE A INDEMNIZACIÓN CORRESPÓNDELLE ASUMILA Á EMPRESA AQUALIA.

Visto o informe da Técnico de Administración Xeral, que a continuación se transcribe :

“En base ó disposto no artigo 174.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e 82 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, emítense o seguinte informe.

Antecedentes administrativos

1.- En data 25/05/2015 (RE nº 5334), tivo entrada neste Concello reclamación formulada pola Procuradora dona María Cao Pérez en nome e representación de dona Modesta López Novelles polos presuntos danos padecidos por esta na súa vivenda sita no lugar de As Bodegas nº 11 A, Piñeira por presuntas filtracións de auga do colector municipal que causan danos ó muro da súa propiedade.

2.- Solicitado informe á empresa concesionaria do servizo municipal de augas (AQUALIA) en data 05/06/2015 con RS 4149, esta emite informe ó respecto que obra no expediente de con entrada no Concello de data 25/06/2015 e RE 6699 do que debemos salientar:

“ (...)1.- La reclamación presentada por Doña. Modesta López ante ese e Ayuntamiento, con fecha de 25 de mayo de 2015, coincide en el fondo con la que la misma señora realizó el 29 de junio de 2012 y que dio lugar al Expediente5/12 tramitado ante el Concello.

(...)En julio de 2012 personal de esta empresa realizó una inspección de lugar, procediendo a la apertura de una zanja para descubrir y comprobar la situación de las tuberías de los servicios que discurren próximas a la finca en cuestión. Se constató entonces que tales canalizaciones, ubicadas a 0.5 mts de profundidad se encontraban en perfecto estado de mantenimiento y conservación, no apreciándose daño ni indicio de roturas y filtraciones, así como que el terreno estaba completamente seco.

Se adjunta, como Documento nº 3, fotografías de las zanjas abiertas.

También en aquel momento, técnicos designados por esta entidad, tras realizar el oportuno reconocimiento del entorno, elaboraron un Informe Pericial, concluyendo que en el lugar existían conducciones privativas que daban servicio a la propia finca de la reclamante, así como una muy posible deficiente ejecución de obras de remodelación y construcción de un murete de contención y una terraza -al igual que el repisamiento de esta última-, circunstancias que se apreciaron justo en el tramo consecutivo a la zona de las referidas filtraciones y que, además, se evidenciaban como el más factible origen de la salida del agua que afectaba al inmueble: sin olvidar al efecto que según manifestaciones de la propiedad, dichas infiltraciones se venían produciendo desde hacía más de cuatro años, un largo espacio de tiempo durante el que no se llevaron a cabo labores de investigación, espera que también dio Jugar, obvio es decirlo, al agravamiento de los desperfectos.

Se acompaña dicho Informe Pericial como Documento nº 4.

3.- Aun cuando, como se ha dicho, el planteamiento de la reclamación del año 2012, y de la que hoy nos ocupa, es el mismo, por lo que 10 que entonces se informó y

averiguó debería servir de base para la desestimación de la última de dichas reclamaciones, para alcanzar una justa resolución entendemos que resulta obligado ahora la realización de las oportunas comprobaciones en el interior de la finca de Dña. Modesta López.

Así, esta gestora propone, y así lo solicita, que se requiera la correspondiente autorización de la reclamante para que permita, a un perito designado por esta entidad, acceder a la finca afectada y llevar a cabo en la misma las pruebas que estime necesarias a fin de poder concretar in situ el origen del agua que, según se dice, viene afectando al galpón ubicado en el terreno, pruebas y conclusiones de las que se dejarán debida constancia en el Informe Pericial que habrá de confeccionarse al efecto y aportarse para su unión al expediente.

Por lo que, con suspensión del plazo para dictar resolución, se solicita de ese Ayuntamiento que se acuerde la práctica de la prueba indicada previa autorización de la reclamante.”

4.- A contía indemnizatoria reclamada pola solicitante ascende a 6.954'64 €

5.- Obra nos arquivos municipais (signatura 2445-45) expediente de responsabilidade patrimonial 5/2012) que no seu día foi inadmitido a trámite interposto pola solicitante pola mesma causa.

6.- Por resolución da Alcaldía de 21/09/2015 acordouse:

“Primeiro.- Admitir as probas propostas polos interesados, que se concretan en:

A) Documental consistente en ter por reproducidos os documentos aportados pola reclamante ó expediente, título de propiedade de Piñeira nº 11 as Bodegas e informe pericial de don Jorge Fernández Iglesias.

B) Pericial solicitada por Aqualia para o cal se debe permitir pola reclamante ó acceso ó perito designado por esta ó domicilio obxecto da reclamación, Piñeira Nº 11 as Bodegas.

Advertindo a dona Modesta Novelle que se non permite dito acceso se solicitara a oportuna autorización xudicial para elo.

Segundo.- Requirir a Aqualia para que coa maior brevidade posible designe por escrito ante este Concello ó perito que realizará o informe, indicando a súa cualificación técnica e data ou datas propostas para o recoñecemento da vivenda, áos efectos de trasladar isto a dona Modesta.

Terceiro.- Ordenar a apertura de período de proba por prazo máximo de 30 días.

Cuarto.- Notificar ós interesados dita resolución con indicación de que polo seu carácter de actos de trámite que non decide directa ou indirectamente sobre o fondo do asunto, non determina a imposibilidade de continualo procedemento, nin produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, non cabe recurso administrativo ou contencioso algún.”

7.- Designado o perito por parte de Aqualia concretouse a data para realizar a visita a vivenda.

8.- A pesares do tempo transcorrido a pericial solicitada pro Aqualia non tivo entrada neste Concello.

9.- Solicitado informe ó servizo de contratación sobre *“á vista do contrato de sobre quen debe asumir a reparación dos danos e o pago da indemnización de resultar que procede estimar a reclamación que nos ocupa.”*

Con data 11/07/2016 a enxeñeiro Técnico Industrial e o Técnico de Administración Xeral emiten informe suscrito por ambos no que se indica:

"Primeiro: que se ten rexistrado unha reclamación por parte de dona Modesta López Novelles (registro de entrada 20015/00005334 de 25/5/15), por uns danos nun muro da súa propiedade situada nas Bodegas nº11-A de Piñeira- Monforte.

Segundo: a interesada adxunta a esta reclamación unha peritación realizada por D. Jorge Fernández Iglesias, perito Colexiado nº244 do ilustre COITM de Galicia, na que se di que as causas dos danos sufridos nuns muros son por "filtracións directas de augas en parámetros de galpón de la vivienda por deficiencias en la estanqueidad de las instalaciones municipales de evacuación de augas negras del colector que discurre por el camino vecinal lindero (...)"

Terceiro: que o Concello de Monforte ten en vigor unha concesión administrativa coa empresa Aqualia para a "Explotación del Servicio Público Municipal de abastecimiento de agua potable y saneamiento del municipio de monforte de Lemos"

Cuarto: no Título I: Consideraciones Generales, o artículo 1: Objeto de la Concesión do "Pliego general de Condiciones que regirá la concesión administrativa de la explotación del Servicio Público Municipal de abastecimiento de agua potable y saneamiento del municipio de monforte de Lemos" di que

"b) en saneamiento: conducción de las aguas residuales y pluviales hasta su entrada en la depuradora de aguas residuales, tanto de las instalaciones actuales como de las ampliaciones y mejoras futuras de las mismas durante el tiempo de la concesión"

Polo tanto, a conservación e mantemento da conducción de augas residuais que pasa polo entorno da vivenda de dona Modesta López Novelles en As Bodegas-Piñeira correspóndelle á empresa concesionaria Aqualia."

10.- O 21/06/20156 con RE 7682 ten entrada escrito da representación de dona modesta solicitando o informe pericial referido no apartado anterior e sobre o estado do expediente.

Lexislación aplicable

- Constitución Española de 1978. Artigos 9.3 e 106.2.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC). Artigos 139 a 144.
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial (RPAPRP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF). Artigos 223 a 225.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL). Artigo 54.
- Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo e pola Lei 16/2008, do 23 de decembro.
- Decreto 282/2003, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia.

Informe Xurídico

Primeiro.- No presente caso tras a reclamación pertinente incoouse o procedemento de responsabilidade patrimonial dirixido inicialmente a comprobar se dita responsabilidade existe ou non e a adoptar a resolución que proceda según o caso.

Dado que a reclamación que nos ocupa se atopa intimamente vinculada o contrato de concesión administrativa da explotación do servizo público municipal do do que

abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento deste municipio é adxudicataria AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A déuselle traslado á mesma de dita reclamación concedéndolle un prazo de audiencia de 10 días dada a súa condición de interesada no expediente pola posibilidade de que este Concello repita contra a mesma polo importe indicado de estimarse a pretensión da reclamante e solicitándolle o preceptivo informe esixido polo art. 10.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial (RPAPRP), informe do servizo cuxo funcionamento puidera ter ocasionado a presunta lesión reclamada.

Este informe foi emitido no senso indicado nos antecedentes administrativos deste informe.

Segundo.- Este caso presenta certas peculiaridades que deben ser aclaradas con carácter previo para a correcta comprensión deste informe proposta.

Nun primeiro intre debemos destacar , como xa se indica nos antecedentes administrativos, que obra nos arquivos municipais (sinatura 2445-45) expediente de responsabilidade patrimonial 5/2012) que no seu día foi inadmitido a trámite interposto pola solicitante pola mesma causa, destacando que a reclamante non accionou en contra de tal inadmisión nin en vía administrativa nin en vía xudicial polo que dito acordo adquiriu plena firmeza.

Este feito podería levarnos a entender que o dereito a reclamar estaba prescrito transcorrido un ano dende a data da reclamación do 2012, pero non podemos esquecer que os danos reclamados agora difiren dos reclamados en 2012, polo menos na súa extensión, posto que agora se reclama un importe bastante superior para a reparación da avaría e o muro.

Aínda que conforme ambas reclamacións e periciais, ano 2012 e presente, proveñen de filtración de augas residuais de colector municipal.

Esta circunstancia, e dado o feito de que a única pericial obrante no expediente é a aportada pola recorrente, posto que a solicitada pola empresa concesionaria como proba nunca tivo entrada neste Concello a pesares do tempo transcorrido, fan que se considere que os danos reclamados encaixan na definición xurisprudencial de danos continuados, polo que o prazo de prescripción para a reclamación dos mesmos non se inicia como "*dies a Quo*" ata que cesen os efectos lesivos, o que non se ten acreditado, polo que temos que entender, que a acción de reclamación foi plantexada en prazo.

En relación coa definición xurisprudencial de danos continuados destacamos pola súa especial claridade e contundencia as seguintes sentencias:

" (...)la existencia de daño continuado, en el que el plazo de prescripción no empieza a correr hasta que no cesan los efectos lesivos. En efecto, conforme a la jurisprudencia del Tribunal Supremo, se distingue entre los daños permanentes y los continuados. En los daños permanentes, producido el acto causante del resultado lesivo, queda perfectamente determinado y puede ser evaluado o cuantificado de forma definitiva, de tal manera que la agravación del daño habrá de provenir de un hecho nuevo. Por el contrario, en los supuestos de daño continuado, al producirse día a día generándose un agravamiento paulatino sin solución de continuidad como consecuencia de un hecho inicial -v. gr., filtraciones continuadas de agua-, nos encontramos con que el resultado lesivo no puede ser evaluado de manera definitiva hasta que no se adoptan las medidas necesarias para poner fin al mismo, lo que ha llevado a la jurisprudencia a establecer que el plazo de prescripción no empieza a correr en el supuesto de daños

continuados hasta que no cesen los efectos lesivos, en tanto que en el caso de daños permanentes el plazo empieza a contarse en el momento en que se produce la conducta dañosa (sentencia de 23 de enero de 1998).”

STSJ Andalucía de 2 de marzo de 2015.

“(…) resulta preciso comenzar recordando que cuando la producción de los daños se prolonga en el tiempo, la doctrina del Tribunal Supremo distingue entre daños permanentes y daños continuados. En dicho sentido cabe citar, entre otras, la sentencia de la Sección 6ª de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Supremo de 13 mayo 1997 , que se remite a la de 22 de junio de 1995 , que hace un estudio minucioso de las distintas modalidades de daños y perjuicios a que puede dar lugar la actuación administrativa, y distingue con precisión, de un lado, los daños permanentes que son "aquellos en que el acto generador de los mismos se agota en un momento concreto, aun cuando sea inalterable y permanente en el tiempo el resultado lesivo, y producido el acto causante de la lesión, ésta queda determinada y puede ser evaluado de forma definitiva" y, de otro, los continuados que "en base a una unidad de acto, se producen día a día de manera prolongada en el tiempo, sin solución de continuidad y el resultado lesivo no puede ser cuantificado de manera definitiva hasta que no cesa el hecho causante del mismo”

Esta distinción no es puramente dogmática, pues tiene una trascendencia esencial, cual es que mientras que en los daños permanentes el plazo de un año se inicia cuando concluye la actividad administrativa, aunque perdure el daño causado, en los daños continuados "al producirse éstos día a día en el tiempo, produciéndose un agravamiento paulatino sin solución de continuidad", el plazo de prescripción no se inicia hasta que no cesan los efectos lesivos, si bien, como señala dicha sentencia del T.S. de 22 de junio de 1995 , en el supuesto de daños continuados no cabe sostener que la reclamación no pueda efectuarse hasta dicho momento final "pues ello conllevaría que el perjudicado debiese soportar estoicamente los daños que de manera continuada se le vienen produciendo sin solicitar su justa compensación al causante de los mismos, nada obsta, por tanto, a que en un momento determinado se reclamen los daños y perjuicios hasta ese instante producidos, mediante la correspondiente evaluación, sin que ello comporte, salvo manifestación expresa en contrario, la renuncia a reclamar los que se originen en lo sucesivo, atendida su producción día a día de manera continuada y como consecuencia de un único hecho que no se agote en un momento concreto", en términos semejantes podemos citar la sentencia del T.S. de 23 de enero de 1998 . Por tanto, según la doctrina del Tribunal Supremo el plazo de prescripción ha de comenzar a computarse desde que los daños -y no su causa- cesan, pudiendo darse el caso, como aquí ocurre, de que los daños continúen a pesar de haber cesado su origen. Dicho planteamiento es lógico habida cuenta de que el criterio que marca el comienzo de la prescripción es el de la "actio nata", es decir, su cómputo ha de hacerse desde que nace para el interesado la acción de reclamación; y dicho nacimiento sólo puede tener lugar una vez que se conoce la extensión de los daños por haberse éstos agotado o, al menos, estabilizado, o por practicarse un informe que especifique cual es la causa de los mismos. En el presente supuesto, dicha estabilización sólo puede venir referida al momento de emisión del Informe Pericial y es evidente que cuando los actores formulan la reclamación al Ayuntamiento de Molina de Segura el plazo de un año del art. 142.5 de la LRJAP -PAC (LA LEY 3279/1992) no había aun expirado.”

STSJ Murcia de 26 de abril de 2012

Terceiro.- Aclarado o anterior debemos agora pasar a comprobar se concorren os presupostos necesarios para que se produza a responsabilidade patrimonial desta administración.

A existencia alcance e cuantificación dos danos reclamados consta acreditadas no expediente coa pericial aportada pola reclamante, polo que compete agora determinar si existe ou non existe un nexo causal entre os danos reclamados e o normal ou anormal funcionamento dos servizos públicos, neste caso entre o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento deste municipio do que é adxudicataria AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A e os danos reclamados por dona Modesta.

Neste intre adquire verdadeira e patente importancia o comportamento de AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A como interesada no procedemento pois advertida esta da existencia do mesmo e de que da súa resolución se podía derivar a súa obriga de indemnizar ditos danos (como consta nos antecedentes administrativos deste informe) solicitou no momento oportuno proba pericial de parte designando perito ó respecto e acordando a data da visita á vivenda de dona Modesta sen que ata día de hoxe teña sido presentado informe no que consten as conclusións de dita pericial neste Concello nin ningún documento en relación a este asunto.

Polas manifestacións da representación da reclamante parece que a visita á vivenda foi realizada, pois esta representación solicitounos a remisión de do informe pericial, remisión que nos resulta imposible por non contar co mesmo polo xa exposto.

De modo que o comportamento de Aqualia, renunciando tacitamente a facer valer a súa proba pericial, sitúanos nun expediente en que a única pericial que consta constata a existencia, alcance e valoración dos danos e atribúeos a unha filtración de augas residuais do colector municipal de saneamento.

Aínda que si obra o informe do servizo relacionado coa reclamación, neste caso de Aqualia como xestora externalizada do servizo, como esixe o artigo 10.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial.

A falta de proba que contradiga ou ataque as aseveracións do perito designado por dona Modesta esta instrutora vese na obrigada a acoller as teses deste e a estimar que existe polo tanto relación de causalidade entre o normal ou anormal funcionamento do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento deste municipio, destacando que a falta de aportación da pericial solicitada por Aqualia en aplicación das coñecidas como “*regras da sana crítica*” que implican que a proba debe valorarse a libre criterio do xulgador, neste caso do órgano instrutor, e que dita valoración será correcta sempre que o resultado da súa valoración non sexa arbitrario ilóxico ou absurdo, fai crer a esta instrutora que o resultado de dita pericial non era favorable a solicitante da mesma, pois non resultaría lóxico que, se Aqualia contase cunha pericial que demostrara que os danos que nos ocupan non se deben o normal ou anormal funcionamento do servizo que ten encomendado ou non deben ser asumidos por ela en base o contrato que a une a este Concello, non a aportase a este procedemento.

Cuarto.- Unha vez aceptada a existencia dos presupostos da responsabilidade patrimonial da administración, e polo tanto, estimando que esta concorre no caso que nos ocupa neste intre, dado que o servizo en cuestión se presta mediante formula indirecta, mediante contrato administrativo de xestión de servizo público, procede

dirimir a quen compete asumir dita responsabilidade e polo tanto reparar a avaría e indemnizar a reclamante.

Polo que debemos traer a colación aquí o artigo 214 do TRLCSP que o efecto dispón:

“ 1. Será obligación del contratista indemnizar todos los daños y perjuicios que se causen a terceros como consecuencia de las operaciones que requiera la ejecución del contrato.

2. Cuando tales daños y perjuicios hayan sido ocasionados como consecuencia inmediata y directa de una orden de la Administración, será ésta responsable dentro de los límites señalados en las Leyes. También será la Administración responsable de los daños que se causen a terceros como consecuencia de los vicios del proyecto elaborado por ella misma en el contrato de obras o en el de suministro de fabricación.”

Tendo en conta que polo importe e período de duración do contrato o órgano de contratación é o Pleno deste Concello e a este a quen lle compete determinar como establece o artigo 214 do TRLCSP, previa audiencia do contratista xa constatada no expediente, quen ee o responsable dos danos a concesionaria ou o concello.

Polo que á vista do informe de data 11/07/2016 da enxeñeiro Técnico Industrial e o Técnico de Administración Xeral encargado do servizo de contratación e do expediente que nos ocupa en conxunto, debe propoñerse o Pleno que declare que AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A coma concesionaria da explotación do servizo público municipal do abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento deste municipio debe responder dos danos reclamados neste expediente por dona Modesta López Novelles eás reparacións necesarias para que ditos danos cesen.

E por outra banda propor, a Xunta do Goberno Local coma órgano competente para resolvelos expedientes de responsabilidade patrimonial en virtude do Decreto de delegacións de data 15/07/2015, a estimación da reclamación de dona Modesta López Novelles polos motivos xa expostos.”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar a reclamación por responsabilidade patrimonial de dona modesta López Novelles polos danos padecidos por esta na súa vivenda sita no lugar de As Bodegas nº 11 A, Piñeira por filtracións de auga do colector municipal que causaron danos ó muro da súa propiedade.

SEGUNDO.- Solicitar ó Pleno, que en exercicio das súas funcións como órgano de contratación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento deste municipio do que é adxudicataria AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A, se pronuncie conforme ó artigo 214 do TRLCSP sobre se lle corresponde asumir o custe da indemnización reclamada e das reparacións necesariaa concesionaria ou o Concello.

TERCEIRO.- Notificar a mesma aos interesados e informarlles que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá o interesado interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.”

Visto o anterior, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Declarar, como órgano de contratación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento deste municipio do que é adxudicataria AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A, que os danos reclamados por dona Modesta López Novelles así como as reparacións necesarias para que non se continúen producindo son de cargo da concesionaria en atención ao contrato suscrito entre esta e o Concello, ordenando a AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A que realice as reparacións necesarias e repare/ indemnice os danos sufridos pola reclamante.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

8. RATIFICACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NA GARDERÍA MUNICIPAL.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

O Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Ratificar o seguinte acordo da Xunta de Goberno Local do 22/08/2016:

“**Primeiro:** Aprobar a solicitude ó abeiro da Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020) (DOG nº 140 do 26 de xullo de 2016), de subvención para un proxecto de MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO NA GARDERÍA MUNICIPAL cuxo importe total é de 32.796,33 € para o que se solicita financiación do 90%, 29.516,70 €.

Segundo: Aceptar as condicións e requisitos establecidos na convocatoria.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo (...) á consellería de Política Social.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

9. BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“Logo de comprobar o escrito (RE 9911-05.08.2016) realizado pola XUNTA DE GALICIA – Delegación Territorial de Lugo- Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria solicitando a bonificación no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, previsto no artigo 7 da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras

Ao que se achega informe sobre a necesidade e idoneidade da contratación como xustificación de tal pretensión

Logo de comprobar o acordo da Xunta de Goberno Local do día 1 de agosto de 2016 segundo o cal concedeuse a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria licenza de obras para levar a cabo obras de reforma e ampliación interior no I.E.S Daviña Rey, sito na Rúa Doutor Casares, 63, cunha proposta de liquidación polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras de 3.055,72€ a expensas do que resulte a posible bonificación

Logo de comprobar o artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais que establece que as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación sobre a cota de Imposto de Construcións, Instalacións e Obras “de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros

Logo de comprobar o artigo 7, da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, na que se establece que gozarán dunha bonificación na cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras as obras que sexan de especial interese ou utilidade por concorrer determinadas circunstancias

No apartado e) establécese unha bonificación do 30% na cota do imposto polas demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen, a solicitude dos interesados mediante memoria xustificativa en apoio de tal prestación

Logo de comprobar o Informe emitido pola Intervención

Logo de comprobar o artigo 22.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local

O Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

DECLARAR DE ESPECIAL INTERESE A OBRA referenciada e **CONCEDERLLES** unha bonificación do 30% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras”.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que van votar a favor, xa que nos parece que as obras son de interese social. Pídelle á portavoz do PP que transmita á Xunta de Galicia, que na documentación que presenta, no apartado de “obxecto do contrato”, hai cousas como “*construcción dun acceso accesible*”ou “*reforma do feminino baño*”. Podo entender os fallos, pero a un alumno meu poríalle un cero. En ton xocoso, pero con seriedade: hai que ser coidadosos cos escritos.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que asume que algún erro se produza por corta e pega. O importante é as obras que se fan para o centro educativo. Soluciónanse dificultades de acceso para problemas de mobilidade. A favor do acordo.

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA ESTRADA LU-P-3201, AO SEU PASO POLA PARROQUIA DE PIÑEIRA.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS-

1.-Este Grupo Municipal ten recibido queixas de veciños e usuarios, preocupados pola falla de seguridade vial existente na parroquia de Piñeira, concretamente no que atinxe o tránsito de peóns.

2.- Referímonos concretamente á ausencia de pasos peonís na estrada LU-P-3201, titularidade da Deputación Provincial de Lugo, que une Monforte con Sober. O seu paso pola parroquia de PIÑEIRA, esta vía atravesada o núcleo poboacional, e o separa, de maneira que determinados servizos públicos existentes na parroquia, como o bar, a igrexa ou o local social, quedan a ambos lados da estrada, sin que existan pasos peonís que faciliten o cruce da mesma e o acceso a estes servizos en condicións de seguridade. Estámonos a referir concretamente o entorno do cruce que leva a Rigueira ou o lugar das Bodegas.

Tratándose dunha vía provincial. compre dirixirse á Deputación Provincial de Lugo a fin de que proceda á determinación dos puntos onde, previo estudo das condicións que garantan a debida seguridade vial, se deban establecer pasos peonís que permitan atravesar a vía o seu paso pola parroquia de Piñeira, especialmente onde se concentran as maiores entidades de poboación, y concretamente nos cruces sinalados, establecendo ao propio tempo, redutores de velocidade, e unha axeitada sinalización vertical e horizontal.

Ademais, esta estrada carece ao seu paso pola parroquia de Piñeira dos axeitados arcéns ou marxes delimitados que permitan o desprazamento dos peóns en condicións

axeitadas de seguridade, a pesares de existir vivendas en ambalás dúas marxes da calzada.

Da mesma forma, tense advertido que o paso peonil existente fronte do IES A PINGUELA, comunica a saída do centro, con un espazo terrizo delimitado por un muro de peche dunha finca, sin beirarruas ou espazos debidamente habilitados para o tránsito peonil, posto que a beirarrúa existente se interrompe a poucos metros.

A mínima esixencia de seguridade vial, obrigaría a dotar dunha beirarrúa a altura do paso peonil, para evitar que as persoas que crucen nese punto, transiten por un espazo terrizo adyacente á calzada sen seguridade algunha, máxime cando estamos a falar dun paso peonil que da saída os usuarios dun centro escolar.

O contido desta moción foi elevado ao pleno da Corporación Municipal a instancia deste grupo municipal, e aprobado, xa en novembro de 2013, resultando que ata de agora non se teñen tomado as medidas de seguridade propostas.

Por todo o exposto, a fin de garantir a seguridade vial dos peatóns e demais usuarios dos viales nas zonas sinaladas,

O Pleno da Corporación, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO:

1º.- A dirixirse á Deputación Provincial de Lugo a fin de que proceda a:

- Mellorar a seguridade vial da estrada LU-P-3201 o seu paso pola parroquia de Piñeira, establecendo pasos de peatóns que permitan atravesar a estrada, especialmente no entorno dos cruces que levan o lugar de As Bodegas e A Rigueira, así como redutores de velocidade nas inmediacións dos cruces sinalados, coa debida sinalización vertical e horizontal.

- A habilitar zonas de tránsito peonil nas marxes da citada estrada, de modo que se garantice a seguridade vial dos veciños, ao seu paso pola parroquia de Piñeira.

2º.- A prolongar a beirarrúa existente fronte o IES A PINGUELA, a fin de garantir a seguridade vial dos usuarios do paso de peatóns existente fronte a saída do centro, de maneira que no extremo contrario ao centro desemboque nunha zona debidamente habilitada para o tránsito peatonal e non nun espazo terrizo sen delimitación algunha con respecto a calzada, como acontece na actualidade.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que expón o que figura na moción e le os acordos da mesma. Esperamos o apoio do resto dos Grupos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é cousa xusta o que se pide. Xa veu antes ao Pleno. A favor.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que xa estiveron a favor na Comisión informativa. Todo o que sexa mellorar, de acordo. Coincidimos coa necesidade de redución da velocidade e co aumento das beirarrúas. É positivo o sentido do voto.

De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que a estrada Monforte-Sober, ao seu paso por Piñeira, necesita ser mellorada, e todo o que sexa mellorar, parécenos importante, máxime nesta parroquia ao pé da estrada. Imos apoiar esta iniciativa, pero recordamos que houbo xa o acordo de novembro de 2013, sen medidas adoptadas. O PP gobernou a Deputación durante tres meses, puido ser que afrontase isto, igual que outras cousas. Respecto a outra obra, a estrada de Chantada, parece que nos esquecemos de pedirlle á Xunta algo parecido, e hai exactamente igual outro colexio, pasado o hórreo. Gustaríanos que tamén lle pedira á Xunta na estrada de Chantada isto que se lle pide á Deputación para esta estrada. Hai cemiterio, cooperativa, tanatorio, colexio da Gándara, etc, non nos esquezamos de pedir para Monforte á Xunta cousas que esiximos á Deputación.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que agradecería sen máis esta apoio a algo xa tratado en 2013, pero como o Sr.Torres entrou na polémica Xunta-Deputación, dicir que o que a Deputación non fixo en tres anos, non é factible en tres meses. Vostedes fagan o propio para que esta obra se leve adiante. Foi precisamente iniciativa nosa o da estrada de Chantada -chamáronnos oportunistas por un accidente habido- e dúas rotondas para redución de velocidade son suficientes. Igual que pedimos para a estrada de Sober en Piñeira, tamén o facemos para a estrada de Chantada, aínda que ten o que non ten aínda a de Sober. Reiterando o agradecemento polo apoio, non se trata de cuestións sectarias o que se pide resolver.

De Dna. Maribel García Díaz, que reitera o voto favorable para esta acción necesaria. Felicita tamén polas eleccións á portavoz do PP e dille que non espere ás próximas eleccións, nestes catro anos débese arranxar a rúa Chantada.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que sendo en beneficio dos veciños, de acordo coa moción.

De D.Iban Torres Rodríguez, que di que xa hai anos que se enviou un proxecto á Xunta e esta nin caso. A petición foi do actual Alcalde. Tamén a vostede lle pido compromiso ante a Xunta, pero apoiamos isto que se presenta.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lamenta que sendo obxectiva a moción da estrada de Sober, se poña a atención na de Chantada, cuxo arranxo non foi por electoralismo, senón polo aumento de tráfico trala apertura do Corredor. Pedímolo tamén coa estrada de Currelos. Non é interese electoral, senón dar resposta a necesidades dos veciños.

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O APOIO AO CAMIÑO DE INVERNO.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción di o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

“El Camino de Invierno es una ruta de peregrinación a Santiago, por la que optaban muchos peregrinos, al entrar en Galicia, sobre todo en la época invernal, para evitar encontrarse con el dificultoso paso de las cumbres nevadas del Cebreiro.

Cuando el caminante deja el albergue de Ponferrada, antesala de las tierras gallegas, se le presentan dos opciones para continuar hasta la tumba del Apóstol: una, seguir de frente, por el Camino Francés; otra, desviándose a la izquierda, por el Camino de Invierno. Éste último, sigue, prácticamente, el cauce natural que marca el río Sil, por unas cotas más bajas del terreno, convirtiéndolo en un camino natural de comunicación entre Galicia y la meseta castellano- leonesa. Una ruta que fue seguida por los diferentes pueblos a lo largo de la historia, desde los romanos a las tropas napoleónicas francesas, para hacer sus incursiones en tierras gallegas. Y, la que siguió el primer trazado de la línea férrea para entrar en Galicia, la línea Palencia – A Coruña, inaugurada en 1883.

A lo largo de unos 210 kms, recorrerá las cuatro provincias gallegas, tras dejar la comarca leonesa del Bierzo. Hace su entrada en Galicia por la comarca orensana de Valdeorras, sigue por el Sur de la provincia de Lugo y ya en las estribaciones del monte Faro, entra en la comarca pontevedresa del Deza, uniéndose en Lalín (albergue de A Laxe) al camino Sanabrés o Mozárabe, hasta Santiago de Compostela.

Además del río, un fiel acompañante, en gran parte del recorrido, hay dos singularidades que identifican esta ruta: una, cruza el parque arqueológico de Las Médulas, declaradas Patrimonio de la Humanidad; otra, atraviesa gran parte de la Ribeira Sacra, por el Sur lucense, salpicada del mayor número de iglesias románicas gallegas, enclavadas, en su mayor parte, en los impresionantes cañones del río Sil y laderas del Río Miño”.

1. Así describe el Camino de Invierno la Asociación de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, descripción que reproducimos, por entender que no cabe otra mejor.
2. La importancia histórica de este recorrido en el pasado, está debidamente documentada. La importancia que esta ruta está llamada a alcanzar en el futuro, - por la repercusión turística que sin duda tendrá, en las poblaciones que se encuentran en su trayecto- está por venir, pero es fácilmente imaginable.
3. No cabe hablar del Camino de Invierno, sin hacer un reconocimiento expreso a la Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, -y a sus responsables en particular-, que en una labor ingente a lo largo de estos años, perseveraron en la recuperación, difusión y puesta en valor de esta importante ruta de peregrinación.
4. El pasado 26 de abril, el Parlamento de Galicia aprobó la Ley de Patrimonio Cultural en la que se incluye el Camino de Invierno entre las rutas principales de los Caminos a Santiago.
5. Esta ruta es oficial desde la entrada en vigor de la citada Ley, el pasado 16 de agosto.
6. El Camino de Invierno, en su discurrir por Galicia, atraviesa la Ribeira Sacra, este Ayuntamiento y la ciudad de Monforte en particular. Alcanzado el reconocimiento oficial del Camino de Invierno, el Ayuntamiento de Monforte está en la obligación de apoyar y estimular de todas las maneras posibles este potencial turístico que se abre ante nosotros.

7. Recientemente, este grupo municipal solicitó en pleno:
- "1.-Acordar la cesión del local sito en la planta baja del antiguo Hotel Comercio, situado en la Pza. Dr. Goyanes, a la Asociación de Caminos a Santiago por la Ribeira Sacra, con el fin de que sea utilizado como centro de recepción de peregrinos, interpretación y divulgación del Camino de Invierno, instando al equipo de gobierno a efectuar las gestiones necesarias, a tal fin, incluidas las que resulten pertinentes con el organismo titular del inmueble, -el IGVS-, de ser preciso.*
- 2.- Instar al equipo de gobierno a reforzar la limpieza y mantenimiento de los caminos de este municipio por los que discurre el Camino de Invierno, a fin de mantenerlos en un estado óptimo, sin perjuicio de actuaciones futuras que se estimen necesarias.*
- 3.- Incluir el trazado del Camino de Invierno en la normativa urbanística que se esté elaborando o se vaya a elaborar en el futuro (PEPCHA y PXOU)."*
- Tal propuesta fue rechazada gracias a los votos en contra del equipo de gobierno y del Alcalde en particular. Desde entonces, responsables de la Xunta de Galicia, han mostrado su disposición para facilitar las modificaciones necesarias en el contrato a fin de facilitar la cesión del local del bajo del antiguo Hotel Comercio, con el fin señalado.
8. El 25 de agosto, la Asociación de Caminos a Santiago por la Ribeira Sacra, solicito autorización para conmemorar la oficialización del Camino de Invierno, como se hizo en el Concello de Rodeiro. Actos similares a los solicitados en Monforte, los solicitó igualmente en Chantada.
- El Ayuntamiento de Monforte resolvió no tramitar la solicitud, a pesar de que en este mismo año se tramitaron y efectuaron actos similares promovidos por otras asociaciones, algunos en tiempo record. La solicitud fue tramitada en el Concello de Chantada, y los actos celebrados, sin dificultad alguna.
9. Recientemente, y como consecuencia de la realización por parte de un colectivo de la ciudad de un tramo del Camino en nuestro Concello, se advirtió que un tramo de escasa distancia estaba impracticable por el agua, -sin ser época de lluvias-, siendo de fácil solución, corregir ese inconveniente. Tomado conocimiento por el Alcalde, descartó absolutamente su reparación, DESISTIENDO de sus responsabilidades.
10. El esperpento al que estamos asistiendo, no es entendido por la población de Monforte, que ve como su alcalde, lejos de apoyar y celebrar la oficialización del Camino que pasa por su ciudad, aprovechando las iniciativas de la Asociación que fue promotora y motor de esta oficialización, -como ocurre en el resto de Concellos afectados-, está instalado en un permanente bloqueo de todo lo que tiene que ver con el Camino de Invierno.

En base a ello, este Grupo Municipal eleva al Pleno de la Corporación la siguiente Propuesta en APOYO DEL CAMINO DE INVIERNO:

1.- Acordar la cesión del local sito en la planta baja del antiguo Hotel Comercio, situado en la Pza. Dr. Goyanes, a la Asociación de Caminos a Santiago por la Ribeira Sacra, con el fin de que sea utilizado como centro de recepción de peregrinos, interpretación y divulgación del Camino de Invierno, instando al equipo de gobierno a efectuar las gestiones necesarias, a tal fin, incluidas las que resulten pertinentes con el

organismo titular del inmueble, una vez que desde la administración autonómica se ha mostrado disposición para facilitar tal cesión.

2.- Instar al equipo de gobierno a reforzar la limpieza y mantenimiento de los caminos de este municipio por los que discurre el Camino de Invierno, a fin de mantenerlos en un estado óptimo, sin perjuicio de las actuaciones futuras que sean de competencia autonómica.

3.- Apoyar los actos de promoción y divulgación del Camino de Invierno a su paso por Monforte que redunden en su difusión y consolidación como ruta oficial a Santiago, y como consecuencia, el estímulo turístico que esta ruta representa para todo el Concello.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por cinco votos a favor (Grupo do PP), seis votos en contra (Grupo Socialista) e seis abstencións (Grupos do BNG e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

Non aprobar a moción do Grupo municipal do PP sobre o apoio ao Camiño de Inverno.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que nos acompañan no público algúns representantes da Asociación dos Camiños pola Ribeira Sacra. Non é a primeira vez que debatimos sobre o interese do Camiño de Inverno. No seu día, trouxemos unha petición do baixo do Hotel Comercio, por ser moi acaído para Centro de peregrinos e de interpretación do Camiño de Inverno. Dixemos que se modificase o contrato de aluguer para permitilo. Tamén pedimos a conservación dos camiños que hai no trazado do Camiño e incluílo tanto no Plan Especial como no PXOM. A partir daquel momento, houbo un cúmulo de despropósitos. Na Comisión informativa prantexouse a retirada dos puntos 1 e 2, xa acordados en contra, e deixar o punto 3. Non estamos na mesma situación, porque houbo cousas novas: os responsables da Xunta de Galicia son proclives a que se poida facer a cesión e a Lei de Patrimonio Cultural aprobou a ruta do Camiño de Inverno, que é oficial dende o 16 de agosto. Como consecuencia da oficialización, houbo un acto en Rodeiro –colocouse un fito cunha placa- e nese acto tamén participou o Alcalde de Monforte. Solicitouse un acto similar para o 17 de setembro en Monforte. En Chantada foi o día 18. E en Valdeorras, houbo un acto similar. O que nos sorprende é que este Concello rexeitou tramitar a solicitude, a diferenza doutros casos. Podía entrar en conflito a lei electoral, pero o Alcalde participou durante a campaña en actos sobre a biomasa. Outra asociación dixo que había un tramo en mal estado, na prensa figura unha resposta de que non é competencia do Concello, senón da Xunta. Instamos ao equipo de goberno a estas tres cuestións–son as do acordo da moción-.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que esta moción é practicamente idéntica a unha xa tratada. Como é repetitiva, vou esperar a ver o que din os outros Grupos. A pesar do que di a portavoz do PP, creo que hai outras causas para que volva isto. O da illa de Vilanova quedou pendente, preguntado o seu destino en Comisión, díxose que para uso público. Aquí pasa un pouco o mesmo coa

finalidade do Hotel Comercio, a resposta habida é que terá algunha utilidade. Os puntos 2 e 3 apoiaríaos sen problema.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que parte da moción xa foi debatida noutro Pleno. O primeiro é recoñecer o traballo e o esforzo da Asociación. Nestes tres puntos, hai algún punto de entendemento: no 1º, unha parte do Hotel Comercio, non todo, é compatible con outros usos; no 2º, como no apartado 9 da exposición de motivos hai unha referencia a un tramos impracticable, a pregunta é se o punto 2º é para ese apartado ou para todo. Non temos problema en apoiar o punto 3º. Descoñeza para o punto 2º se a Xunta de Galicia quen ten que facerse cargo ao ser oficial o Camiño. No Camiño Francés, si se encarga a Xunta. Agradecemos unha aclaración sobre o punto 2º.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que o Camiño de Inverno é importante, foi o Partido Socialista o que levou iniciativas ao Parlamento para o seu recoñecemento e o Grupo Popular votou en contra, está no Diario de Sesións. Concepción Burgo, deputada socialista, defendeu unha proposición non de lei para que o Camiño fose patrimonio, obtendo apoio unánime. O PSOE agradece e valora o traballo feito e concretamente a da Asociación do Camiño de Inverno pola Ribeira Sacra, cunha incidencia positiva, sen dúbida. Vostede pediu a cesión cando sabía que había un informe xurídico sobre o destino a uso municipal do inmovible. Agora di que a Xunta mostrou disposición a modificar o contrato. Ao Concello, nada se lle dixo. O que aparece na prensa ou se di nun acto político, non ten valor xurídico. O baixo do Hotel Comercio faille falta ao Concello para usos municipais, non podemos cedelo, despois alugamos noutro sitio? Non vai ser un almacén: dos 120 m2. que son, só se prevén 18m2. para depositar material. Non se debe manipular a información. En Rodeiro, a organización foi da Xunta e do Concello, os demais fomos invitados. En Monforte queríase facer un acto electoral do PP ninguneando ao Concello, non o podemos consentir. A solicitude foi do día 26 de agosto, en dous minutos entraron dúas, non se negou nada, tal como se pretendía non se podía tramitar. Non teño culpa de que non se cumprisen os requisitos. En Chantada non estaba previsto nada, foi porque dicían que os vetaban en Monforte. En nada se parece o que se fixo en Chantada co previsto para Monforte, a placa colocouse nun mollón que xa había. Nas fotos véxoa a vostede, vexo Conselleiros, representantes do Concello de Chantada e de Asociacións, Delegada da Xunta,...

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o que non pode o Alcalde é arrogarse o do Camiño de Inverno, foi a Asociación* que permaneceu actuando, e segue, a eles correspóndelles o mérito. Doe que o Alcalde non atenda as súas suxestións. A deputada socialista? Non se apropie dos traballos dos demais. Hai un contrato de aluguer, non cedible, faga xestións coa Xunta para modificalo. Vostede negouse a facer esa xestión, a Xunta non contesta se non se lle pide. Hoxe mesmo, nos Estatutos do Consorcio que aprobamos, o artigo 3 di que Monforte “albergará un centro de almacenaxe de materiais de imprenta, publicacións, merchandising oficial e calquera outro elemento de pequeno tamaño a custodiar polo consorcio”, e como oficina de xestión non é cara ao público. É un desperdicio, porque o potencial do local para o Camiño é grande.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que ninguén respostou sobre o destino real do local. Recoñecemento absoluto ao traballo da Asociación. Talvez sería mellor unha reunión fóra do Pleno sobre o que quere a Asociación e tamén sobre o que pretende o Grupo de goberno e sobre lugares alternativos. O Camiño de Inverno é dinamizador, como os outros camiños. O que estamos a facer aquí é unha tomadura de pelo e unha perda de tempo. Fai falta falar sen rendibilizar a propia posición nun Pleno.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que lle gustaría unha resposta da portavoz do PP sobre o punto 1: un espazo no Hotel Comercio ou noutro lugar. O Estatutos do Consorcio da Ribeira Sacra falan de almacén? Debería ser algo máis, a oficina do xerente, por exemplo, o Alcalde e o equipo de goberno deben clarificalo. Aclare tamén a portavoz do PP o que dixen.

Do Sr. Alcalde, que di que se lle deu copia á portavoz do PP de actos parecidos –o do Pai Esteban e o das Irmandades da Fala- e vería que foron promovidos polo Concello, non se parecen en nada. Este camiño non se estragou últimamente, leva así moitos anos. A nova ruta é responsabilidade da Xunta, igual que os outros camiños. O propio Portomeñe recoñeceu no acto de Rodeiro. Onde goberna o PP e tamén pasa o Camiño, non presenta algo coma isto. Monforte terá servizos como en Sarria ou en Mondoñedo. Faremos o que poidamos dende o Concello, pero o responsable da promoción é o Xacobeo. Queremos igual trato que os outros Concellos dos camiños. O próximo venres na Comisión de Patrimonio estará o proxecto deste baixo. Se se aproba, explicáremolo próximamente. En Fonsagrada, Nava Castro responsabilizouse do albergue do camiño primitivo. Trátennos igual, non nos discriminen. Monforte non ha ser menos que Mondoñedo ou Sarria.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o Alcalde nin come nin deixa comer, como “el perro del hortelano”. Non lle vale o que pretende a Asociación, pero Monforte terao todo, sendo responsabilidade da Xunta. Por mal camiño imos. Di que o camiño xa estaba mal hai bastantes anos. Míreo agora: pasei por el con katuskas, só se pide unha mínima actuación. Vostede rexeita as ideas da Asociación e ao mesmo tempo vai facer, e sen embargo é a Xunta quen ten que facer. Non poña pedras no camiño. En Rodeiro houbo invitados de tódalas cores, vostede foi a Rodeiro. Por que rexeita o acto? Por que rexeita o arranxo dun pequeno tramo? Para non ter que atravesalo coa auga polo xeonllo. Teño que lamentar que estea instalado en que ten que valer a súa. O día 17 podíamos ter feito o acto, coa Virxe de Montserrat, o que tamén foi bloqueado coas súas decisións. Torpedeouno, e láméntoo. Ademais de apoiar o punto 3 os demais Grupos, apoien esta iniciativa.

Do Sr. Alcalde, que di que só faltaba que lle bote a culpa dos problemas en San Vicente coa misa e demais.

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NA PARROQUIA DO CHAO DO FABEIRO, CONCRETAMENTE NOS BARRIOS DE PORTO DE LOBOS E O FABEIRO, ASÍ COMO NA PARROQUIA DE FIOLEDA, NO BARRIO DE SAN MAMEDE E EN MARCELLE E CANEDA POR EXISTIR FAROLAS DE MERCURIO.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Manuel Jesús López Sánchez e Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Como é ben sabido, tanto na parroquia do Chao do Fabeiro, concretamente nos barrios de O Fabeiro e Porto de Lobos, como en Fiolleda, no barrio de San Mamede, a iluminación pública ten moitos anos e xa leva tempo cunha iluminación moi deficiente, feito que provoca que non se poida aumentar a potencia das farolas e que os veciños aínda tendo as luces encendidas non poidan gozar dunha iluminación coas mínimas condicións recomendadas ao non ver absolutamente nada. O mesmo acontece noutros puntos das parroquias de Marcelle e de Caneda, por exemplo.

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Que se leve a cabo a renovación da iluminación pública da parroquia do Chao do Fabeiro, en especial nos barrios do Fabeiro e Porto de Lobos e na parroquia de Fiolleda, no barrio de San Mamede, así como en Marcelle e en Caneda por existir farolas con mercurio, co fin de solventar os problemas que se lle acasiona á veciñanza.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que lle dá a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que loxicamente, ao ser mellor servizo para os veciños, apoian a moción.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que van apoiar tamén esta iniciativa. Trouxemos propostas ao inicio do mandato sobre medidas en materia de luz pública, cableados de fachadas, etc., nunha acción global priorizando necesidades. Hai máis puntos que os desta proposta, que apoiamos.

De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que apoian a moción. Este equipo de goberno está mellorando o conxunto da iluminación pública, tanto no urbano como no rústico. Pon o exemplo dos 163 puntos de luz recuperados nas parroquias, e doutro número importante no paseo do Malecón, noutros paseos, en barrios, en parques e noutros lugares, así como os báculos de luz de varias rúas, etc. A nosa intención é seguir mellorando. No barrio de Porto de Lobos, puxéronse lámpadas LED; se teñen un bo funcionamento, estenderémolas a outros sitios.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle dá ao portavoz do Grupo de goberno que xa ten asumido que a ía ignorar. Mesmo parece que o anterior equipo de goberno non fixo nada, e si fixo, coa Deputación, con fondos propios, renovamos por exemplo o Parque

dos Condes. Trátase de mellorar a calidade de vida, porque nalgún lugar non se^{ve} un pemento. Teñen a sorte de non ter que recortar 60.000 euros en luz pública, como tivemos que facer pola oposición, contra a nosa vontade. Cando marchen, haberá cousas que quedarán sen facer, como lles pasa a todos, a Rajoy, a Feijoo, a Zapatero. A única intención é recordar que vostedes son o equipo de goberno e que fagan o que se pide.

(A portavoz de Esperta Monforte renuncia á súa quenda).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que sobre a redución de 60.000 euros, di que foi porque tiñan un Plan de axuste que cumprir, motivado por problemas económicos. Cando pedimos un Plan de iluminación, foi por carencias, por exemplo no anterior mandato por non ter pedido subvencións. Agradeceríamos ter recibido apoio na formulación que fixemos de conxunto.

De D.Iban Torres Rodríguez, que di que non sabe que cousa da súa intervención puido encolerizar á portavoz do BNG. Non teño intención de ofender a ninguén. Sobre a explicación da súa xestión que non lle pedín: *excusatio non petita...*, reitero as miñas desculpas.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o de ignorala foi porque se dirixiu á portavoz do PP en lugar de a ela. Sen máis, a moción é para que se mellore isto.

13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A SINATURA DE CONVENIO DE CESIÓN ENTRE O SERGAS E O CONCELLO DE MONFORTE.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Nos últimos meses téñense instalado uns aparatos biosaudables no entorno do Hospital de Monforte, concretamente nun espazo verde propiedade do Servizo Galego de Saúde ao carón da zona habilitada como estacionamento.

Dado que estamos nunha zona da cidade onde nos últimos tempos ten incrementado o número de habitantes tanto de idade avanzada como xente nova, o BNG considera que sería moi beneficioso para a cidadanía que se asinase, entre o Sergas e o Concello de Monforte de Lemos, un convenio de cesión deste espazo, sinalado no documento que se achega, para habilitar un parque urbano con bancos e todo tipo de mobiliario urbano que os técnicos consideren oportunos para que a cidadanía monfortina puidese disfrutar e en contra partida o concello se encargase do mantemento do devandito parque.

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Que se comecen os contactos necesarios para asinar un convenio de cesión entre o SERGAS e o Concello de Monforte para levar a cabo, no espazo que se sinala no documento adxunto, un parque máis amplo e co mobiliario urbano que os técnicos

municipais consideren necesarios, como bancos, papeleiras, xogos infantís, para goce de todos os monfortinos.”

(O documento adxunto son dous planos catastrais a escalas 1:1.500 e 1:3.000. É un espazo verde propiedade do Servizo Galego de Saúde ao carón da zona habilitada como estacionamento).

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que van votar a favor. É un espazo infrautilizado. Se é para servizo público, benvido sexa.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que van apoiar esta moción. Recordo como foi a xestión co Sergas para acondicionar o lugar; nas municipais, nós comprometémonos a habilitar isto. O anterior equipo de goberno puxo uns xogos de nenos onde o Mercadona. É mellor facer ben as cousas e non facelas aos anacos. O de Mercadona non é adecuado, xa no seu momento era o seu isto do Hospital. Apoiamos a iniciativa, pero teño que lamentar que non foi boa xestión, senón precipitación electoral, para o outro.

De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que trae tamén exemplos do que están a facer, pero non se atreve a dicilos. De acordo co que se trata de facer, hai xente nova, e moitos nenos, é necesario. Pareceríanos ben que o Sergas accedese. Haberá que dotar o espazo de instalacións adecuadas. É unha zona apropiada, con árbores. A petición é certa, oportuna e acertada: a favor.

De Dna. Pilar López Martínez, que agradece o esmero habido desta vez na intervención do Sr. Torres. Parécenos axeitado o que estamos pedindo. Non temos problema en que se traslade algún xogo do outro sitio. Haberá que mirar o do muro da rúa Corredoira e outras cousas por seguridade.

(A portavoz do Grupo do PP pregunta se vai ser un convenio de cesión do espazo. A portavoz do Grupo proponente –BNG- di que non necesariamente, que a cidadanía disfrute coa fórmula que sexa. Di a portavoz do PP que a posibilidade de disfrutar xa existe. A portavoz do BNG di que agora mesmo hai aparellos biosaúdaes, hai que acondicionar non só ese anaquiño, senón cara á rúa Irmáns Dapena. A portavoz do PP quere que se aclaren os termos do acordo a adoptar. O Sr. Secretario considera que a clave está en “*que se comecen os contactos necesarios*”, logo xa se verá).

(Auséntase D.Iban Torres Rodríguez).

ASUNTO DE URXENCIA.

Sendo ordinaria a sesión, segundo o previsto no art.91.4 do ROF, o Pleno acorda, por unanimidade dos presentes, incluír o seguinte asunto:

(Antes de decidilo, a portavoz do PP di que non se van opoñer nunca a que se debata nada, pero había acordo de que a urxencia fose na Comisión: imos apoialo, pero hai que tratar de evitar iniciativas o propio día do Pleno. A portavoz de Esperta Monforte di que non ten inconveniente en que quedase para o Pleno seguinte: non está por deber favores).

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA RESTAURAR O ADOQUINADO TRADICIONAL NA RÚA ESCULTOR FRANCISCO MOURE E PASEO DA COMPAÑÍA.

(No debate deste asunto, reincorpórase D.Iban Torres Rodríguez).

En base á moción presentada e a supresión dun punto do acordo da mesma, tralo seu debate, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O 30 de xullo deste ano 2016 a empresa contratada pola Xunta de Galicia para renovar o pavimento das Rúas Escultor Francisco Moure e da metade do paseo da Compañía remataba o traballo comezado apenas 2 días antes.

Xa por aquel entón, o grupo municipal Espertamonforte! solicitou información ao Concello de Monforte acerca desta operación, lamentando o escaso aprecio que as administracións públicas amosan polo noso patrimonio, e cuestionándose a idoneidade da obra, considerando un erro a eliminación do adoquín tradicional na última rúa do centro de Monforte que aínda o conservaba e máis grave se cabe tratándose dunha zona de alto valor histórico como é o entorno dos Escolapios.

Tamén o propio alcalde de Monforte, D. José Tomé Roca, tal e como manifestou en diversos medios de comunicación, cuestionou a oportunidade e a necesidade destas obras, chegando a declarar que a Xunta de Galicia, non consultara co noso Concello acerca da realización desta obra, pero aclarando que estas rúas son parte da travesía urbana LU-611, administrada pola Xunta.

Ao noso grupo municipal lle chama a atención que cando se realizou a reforma integral da plazuela creada entre Escultor Francisco Moure e o paseo da Compañía, a Dirección Xeral de Patrimonio impedira a colocación duns adornos fabricados en negro para dotar de mobiliario a esta zona, alegando que alteraban o aspecto exterior dunha zona protexida pola súa proximidade á igrexa dos Escolapios, e sen embargo non houbera impedimento agora para substituír o adoquín antigo por asfaltado desta mesma cor, e que sen ningún tipo de dúbida, altera tremendamente o entorno histórico.

Por outra banda, o noso grupo municipal considera que o desenvolvemento urbano e viario en pleno casco histórico debe ser competencia exclusiva do concello, independentemente da titularidade da vía , posto que hoxe en día xa non se debería considerar estrada neste tramo.

Por todo isto, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Instar ao Concello de Monforte a que realice unha petición á Dirección Xeral de Patrimonio dun informe acerca da pertinencia e idoneidade da obra realizada.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que temos que actuar con sentido común en defensa dos veciños, aquí pídese un informe de Patrimonio e que no menor tempo posible se repoña ao estado anterior. Teño recibido dos veciños o seu acordo co que se fixo. Son partidaria de preservar o patrimonio, o que pasa é que hai que actuar con sentido común. Pon exemplos doutra cousas a corrixir, se se segue este criterio. Non o podemos apoiar, non tanto por non defender o patrimonio, senón por estar os veciños satisfeitos coa actuación realizada.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que están de acordo con esta moción. É unha aberración o que se fixo aí –algún do PP teno comentado-. Patrimonio debe velar polo existente nas diversas cidades. Preocúpame Patrimonio extremadamente, é rigoroso cos particulares –as cafeterías teñen tido problemas para obras de reparacións, o mesmo outros casos como o dun veciño da rúa Carude- e co Concello –obrigounos a levantar cousas por miles de motivos-, e o que non pode ser é que a Xunta leve a cabo esta actuación, o colmo é que a Xunta non conte con permiso de Patrimonio. Ten permiso para esta obra? Con que condicións? É a mesma aberración que se a Xunta asfaltase a Ponte Vella. Neste caso, a Xunta randeouse. Pregúntolle ao Alcalde se ten permiso de Patrimonio.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que un día chegaron aquí un técnico da Xunta e un técnico da empresa cun proxecto debaixo do brazo sobre obras na rúa Chantada e na rúa Francisco Moure. Díxenlles que na parte adoquinada, o que prevía o proxecto non era o máis adecuado. Dixeron que para esa obra non precisaban licenza municipal, só informaban. Non teño constancia de informe de Patrimonio sobre esta obra. Se acepta votar a moción por puntos, apoiamos o primeiro. O segundo, desfacer o feito, non nos parece adecuado, non estou por desfacer o de outros, guste máis ou menos, salvo que sexa algo gordo. Creo que non se debeu cubrir o adoquín, pero gastar para repoñelo, non.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que chamou ao Alcalde naqueles días para preguntar o que preguntou agora o BNG. Recriminei que non se dese conta aos Grupos para poder páralo. Dille ao PP que as obras móstranse con accións, non con intencións: se apoia o patrimonio, isto non pode ser e non veña cos veciños. O adoquín fai ir máis amodo, o que é fundamental no centro da cidade. Fai ben a Xunta en tapar o adoquinado histórico sen permiso de Patrimonio? Como é posible fronte ao máis importante monumento de Monforte? Non vou entrar en tantas obras que se fan e se desfan. Non vou retirar o punto 2. Non pode dicir que non sexa unha petición normal.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di coincidir en que moitas accións de Patrimonio non son entendibles, por exemplo, o muro de San Lázaro, a pérgola do

Parque dos Condes, a praza de abastos coa modificación dun edificio emblemático. O colmo, efectivamente, é que non pida permiso a Xunta, como colmo foi que o Concello non o fixese nas Casitas ou noutros sitios. Coincido en que se o Alcalde tiña coñecemento, as portavoces non o tiñamos. Igual que fixo unha Resolución sobre o fito do Camiño de Inverno, puido facelo con esta obra. Vivo próxima a unha vía con adoquíns, é duro para persoas en cadeira de rodas, para os carros infantís, non só camiñan persoas con tacóns. Preservar o patrimonio, si; preservar á xente, tamén. Coincido co Alcalde: se votamos por puntos, votamos a favor do punto 1º.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que cando Patrimonio nos chamou á orde, acatamos. Neste caso, que Patrimonio se pronuncie sobre mantelo ou levántalo. Coincido en que os adoquíns son un suplicio para as cadeiras de rodas e os carros, pero tamén é posible encintar, non fai falta ser construtor ou albanel para velo así. Descoñezo a posibilidade que houbo de falarmos os Grupos, sigo pensando que foi unha aberración o que se fixo. Pódese redactar dalgún xeito para que Patrimonio se pronuncie sobre o 2º punto da moción.

Do Sr. Alcalde, que di que nunca foi informado cando foi Concelleiro de Obras das que facían outras administracións. Concordo coa crítica a Patrimonio: exquisito para unhas cousas e permisivo para outras. A portavoz de Esperta Monforte faloume de mobilizacións. Ao PP preguntollo que ten que ver o Camiño de Inverno con isto, o mantemento de infraestruturas non necesita permiso, non é o caso dunha sinalización nun lugar público. Pedir o de Patrimonio está ben. Tal como está o punto 2º, non podemos apoialo. O punto 2º sería consecuencia do 1º.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que falou unha vez co Alcalde e recriminoulle non lle ter comunicado algo tan grave. Non lle falei de manifestacións, senón de que os veciños estaban dispostos a querer paralo. Concordo coa portavoz do PP no da cadeira de rodas, paseo ao meu pai, sei o que é; leccións sobre andar en cadeira de rodas, ningunha. A Xunta cometeu outra frivolidade moi grande, facelo así foi para a saída da volta ciclista: estou case segura que se esnacou o patrimonio por unha volta ciclista. Acepto engadir no punto 1, que se fose negativo o informe, se faga segundo o punto 2.

(Discútese sobre iso último. O Alcalde di que hoxe toca pedir explicacións a Patrimonio e que o punto 2 sería cando chegase a contestación. A propoñente mantén o punto 2 condicionado ao punto 1. A portavoz do PP di que se pode engadir unha addenda de consultar tamén aos veciños. Finalmente, suprímese do acordo a adoptar o seguinte punto: *“Instar ao Concello de Monforte a que realice os trámites necesarios para que se realice no menor tempo posible a restauración do adoquinado tradicional, por ser un elemento histórico, e ademáis disuasorio por si mesmo de transitar a velocidade excesiva polo centro da cidade.”*).

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

14. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 19.07.2016 a 19.09.2016 (e unha do 12.07.2016, omitida na dación de conta anterior).

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucíons adoptadas no período comprendido entre o 19 de xullo e o 19 de setembro de 2016, así como doutra do 13 de xullo de 2016, omitida na dación de conta do anterior Pleno ordinario.

15. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 01.08.2016, días de 10.08.2016, de 16.08.2016 e de 15.09.2016) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucíons que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

16. DACIÓN DE CONTA DAS LIÑAS XERAIS DO ORZAMENTO DE 2017.

Dáse conta ao Pleno da información remitida ao MINHAP (Ministerio de Facenda e Administracións Públicas) sobre as liñas fundamentais do orzamento para 2017 – aprobadas por Resolución da Alcaldía do 14 de setembro de 2016-, en cumprimento do art. 5 da Orde HAP/2015/2012, que se refire á subministración de información de marcos orzamentarios a medio prazo.

17. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 2º TRIMESTRE DE 2016 E OUTRA INFORMACIÓN DE COMUNICACIÓN OBRIGATORIA AO MINHAP.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 2º trimestre de 2016, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

18. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE PAGO DO 2º TRIMESTRE DE 2016.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 2º trimestre de 2016, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 48,47.

19. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE DE 2016.

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogadependencias, correspondentes ao 2º trimestre de 2016:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

20. ROGOS E PREGUNTAS.

(Durante este punto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Alicia Cadarso Palau, D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez; tamén se ausenta Dna. M^a José Vega Buján, que xa non se reincorporará á sesión).

1º) PREGUNTAS DO GRUPO DO BNG. Presentadas por escrito ao inicio da sesión. Quedan para o seguinte Pleno:

“PREGUNTA SOBRE O ESTADO REAL DA REDACCIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DO MERCADILLO DO PARQUE DOS CONDES.

Dende comezos do presente ano no que mantivemos unha Xunta de Portavoces para falar sobre a Ordenanza Municipal que regula o Mercadillo de Segunda Man que se vén celebrando todos os domingos no Parque dos Condes e se quedou en que o Equipo de Goberno elaboraría un novo borrador coas achegas dos diferentes grupos políticos da oposición non volvemos ter ningún tipo de noticia ao respecto.

Por este motivo e por carecer de información directa dende Alcaldía, queremos saber cal é estado real e actual da Ordenanza Municipal do Mercadillo do Parque dos Condes e cando pensa traela a pleno.”

“PREGUNTA SOBRE O MERCADO DAS LAMAS NO QUE SE REFIRE Á REDISTRIBUCIÓN DOS POSTOS DE VENDA

Nos últimos tempos temos recibido queixas por parte dalgún posto de venda que participa no Mercado das Lamas sobre a aparición de novos elementos de venda sen ningún tipo de control.

Como é ben sabido, cando se levou a cabo a 1ª Fase de acondicionamento deste espazo, existía un estudo e a intención política de reubicar e reordenar os comerciantes así como delimitar o espazo de cada un dos vendedores.

Por este motivo e dado que nada se ten feito a este respecto, queremos saber se o Sr. Alcalde ten previsto levar a cabo unha reorganización do espazo ou pola contra vai permitir que se instalen máis postos sen ningún tipo de control.”

2º) CONTESTACIÓN POLO SR.ALCALDE A PREGUNTAS DO GRUPO DE ESPERTA MONFORTE FORMULADAS *IN VOCE* NO PLENO ANTERIOR:

1ª) Sobre documentación para o tratamento fitosanitario.-

Deste documento, souben despois que o tiña o Técnico de Medio Ambiente. O documento tiña valor de funcionalidade e de aplicación.

2ª) Sobre actuacións coa Rede de Cidades Creativas.-

Non hai ningún proxecto. Está nacente. Co tempo poderemos falar.

3ª) PREGUNTAS DO GRUPO DE ESPERTA MONFORTE, PRESENTADAS POR REXISTRO O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2016. Son formuladas pola portavoz do Grupo:

“PREGUNTA SOBRE A PASARELA DAS CRUCES

Exposición de motivos.

O pasado 29 de Xuño, espertamonforte! presentou unha moción para denunciar o estado da pasarela entre a Rúa Calvo Sotelo-Pontevedra e o barrio das Cruces.

Lembrará vostede que no debate se cuestionou a titularidade da pasarela, aceptando este grupo un acordo por unanimidade tal e como recolle a acta do pleno no punto primeiro "averiguar de quen é a titularidade e o mantemento da pasarela" polo que este grupo municipal pregunta:

Tivo o equipo de Goberno tempo en tres meses para poder darnos a resposta?

En caso de que a titularidade sexa municipal, esperamos se de trámite as accións que solicitábamos na moción.”

Resposta do Sr.Alcalde:

Aquilo que se dixo da propiedade foi ao final dunha reunión para saír do paso. A pasarela é de ADIF. Non hai ningún documento de cesión ao Concello. Existe un documento de hai anos para que o Concello atendese o contorno, o que vai a favor de que non lle corresponde a propia pasarela.

“PREGUNTA SOBRE O EMPREGO DE PRODUTOS FITOSANITARIOS

Exposición de motivos

Como todos lembrarán, levamos tempo traendo a este pleno distintas iniciativas sobre o uso de produtos fitosanitarios. Concretamente na última delas, presentamos unha solicitude de información acerca do plan deste Concello sobre o uso de Glifosato.

Esta solicitude viña a colación do anuncio mediante carteis colocados en distintos puntos de Monforte de uso dun produto absolutamente prohibido no casco urbano. A pesar de realizar esta solicitude, todo o que se nos fixo chegar é un informe do Plan da empresa FFCC sen ningún tipo de rexistro de entrada no Concello, o que o converte cando menos en sospeitoso de manipulación.

Aparte do mencionado, podemos comprobar nas actas da Xunta de Goberno, como xa comentamos en sesión plenaria, que existen facturas de herbicidas con cargo ao

Concello, para as que o equipo de goberno non aporta explicacións que resulten convincentes.

Por todo isto traemos as seguintes preguntas :

- 1) Ten o Concello un plan de uso de herbicidas con entrada rexistrada?. Se é afirmativo, solicitamos unha copia e do contrario esiximos se faga no futuro.
- 2) Fíxose uso de glifosato no casco urbano nestes últimos meses? se foi así, pódenos dicir con que produto e en qué lugares?
- 3) Esas facturas pagadas para compra de herbicidas non reflexan o produto que se está a mercar, cal é o motivo? Solicitamos no future se especifique.”

Resposta do Sr.Alcalde:

Dígame onde está prohibido, porque o mandei mirar e non o atoparon. (Está prohibido o Rosate 360, di a interpelante). Para as diversas preguntas:

- 1) Non.
- 2) Non.
- 3) Teño aquí as facturas: De data 28/05/2015, produto Banvel triple 1 litro, para o camp de fútbol da Pinguela; de data 07/04/2016, Roundup 5 litros, para as herbas do cemiterio.

4º) ROGO *IN VOCE* FORMULADO POLA PORTAVOZ DO GRUPO DO PP:

O rogo é sobre as xestións para a marquesiña de Geriatros, na rúa Morín, e tamén os veciños do Casar quéixanse pola falta dunha marquesiña para os escolares. Reiteramos que se fagan xestións para ambas marquesiñas.

Contesta o Sr. Alcalde:

Sobre a de Geriatros, xa lle dixemos no seu día que a rúa é da Xunta de Galicia. A marquesiña do Casar xa está feita, porase no sitio fixado pola Xunta para a parada do bus, os nosos operarios encargaranse de poñela.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e pr.

O Alcalde,

